

Acordo regulador do prezo público pola prestación de actividades culturais, deportivas e de interese público

Concello de Outes

Artigo 1.— Fundamento e natureza.

Consonte os artigos 41 a 47 e 127 da Lei reguladora de facendas locais (texto refundido aprobado polo Rdl 2/2004, do 5 de marzo -en diante, LRFL), este Concello establece o prezo público pola realización de actividades culturais e deportivas.

Artigo 2.— Concepto.

O prezo público constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios que voluntariamente soliciten participar nas actividades culturais, deportivas e de interese público promovidas polo concello.

Artigo 3.— Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público as persoas físicas ou xurídicas (entidades, clubs, federacións, etc.) que soliciten a participación nas anteditas actividades.

Artigo 4.º.— Importe dos prezos públicos.

4.1. Tarifas de actividades recurrentes

Actividades culturais		Actividades deportivas	
Actividade	Importe Mensual por Usuario	Actividade	Importe Mensual por Usuario
Manualidades	10,00€	Tenis	10,00€
Pintura	20,00€	Fútbol-Sala	10,00€
Obradoiro audiovisual	15,00€	Tenis de mesa	10,00€
		Deportes de raqueta	10,00€

4.2. Tarifas da escola de música

Actividade	Importe Mensual por Usuario
------------	-----------------------------



Música en movemento	20,00€
Linguaxe musical	20,00€
Formación instrumental (cada instrumento consideraráse unha actividade)	20,00€
Harmonía e composición	20,00€

4.3. Tarifas da Escola de música e baile tradicional

Actividade	Importe Mensual por Usuario
Baile tradicional galego	10,00€
Gaita galega	10,00€
Percusión tradicional	10,00€
Instrumentos de vento (cada instrumento considerárase unha actividade independente): Requinta, frauta, frautín, ocarina e asubío.	10,00€
Zanfona	10,00€
Pandeireta e canto galego	10,00€
Acordeón	10,00€

4.4. Outras tarifas

No caso de que o concello decida ofertar algunha actividade cultural ou deportiva que non estea recollida na presente ordenanza e non sexa de acceso gratuíto, a xunta de goberno local poderá asignar a dita actividade un dos seguintes tramos tarifarios:

Tramos tarifarios	Importe mensual por Usuario
Tramo A	8€
Tramo B	12€
Tramo C	20€
Tramo D	30€



Artigo 5º .— Condicións das tarifas

5.1. As persoas que participen simultaneamente en **tres ou máis actividades** das recollidas no artigo anterior gozarán dunha redución dun 50% no prezo da terceira e seguintes actividades nas que se inscriban.

5.2. Cando se inscriban dúas ou mais persoas que sexan **irmáns e menores de 18 anos** a través da ficha de inscrición familiar poderán acceder a unha **redución do 60% no prezo da terceira e seguintes actividades de menor tarifa en cómputo total**. Nestes casos as reducións terán que ser solicitadas marcando a caixa de desconto familiar que estará dispoñible nas fichas de inscrición. A aplicación do desconto recollido neste apartado deixará sen efectos o apartado **5.1**.

5.3. A obriga de pagamento nacerá o día primeiro de cada mes, ou cando solicite a alta na actividade o usuario, sen que as cotas mensuais sexan prorrateables por períodos inferiores ao mes. Se o usuario solicita a baixa antes do día 10 de cada mes, non xurdirá a obriga de pagamento de dito mes.

5.4. En ningún caso as tarifas serán prorrateables por períodos inferiores ao mes.

5.5. O pagamento realizarase con periodicidade trimestral, unha vez vencido o trimestre natural. O prazo de pago abranguerá o mes seguinte ao de cada trimestre. Só poderán realizar un pago distinto ao descrito neste apartado as persoas que decidan facer pago anticipado segundo o estipulado no artigo 9º desta ordenanza.

5.6. A xunta de goberno local poderá establecer bonificacións ás persoas inscritas que dispoñan no seu haber da tarxeta cidadá "Outes ten máis".

5.7. A efectos de contabilización das actividades, só se computaran os descontos por número de actividades (apartados **5.1** e **5.2**) nas seguintes agrupacións:

5.7.1. Actividades ou tramos tarifarios recollidas na táboa 4.1. e 4.4.

5.7.2. Actividades recollidas nas táboas 4.2. e 4.3.

Artigo 6º.— Outras reducións ou exencións previstas

No caso de usuarios que estean en perigo de exclusión social poderase emitir un informe que xustifique debidamente unha redución ou exención total dos prezos establecidos.

Artigo 7º .— Da modificación de tarifas

O órgano competente para a modificación, creación ou supresión das diferentes tarifas presentes nesta ordenanza será a Xunta de Goberno local ou, en caso de urxencia, a alcaldía mediante decreto. No caso de querer modificar algún outro aspecto desta normativa terá que ser sometido a votación na corporación municipal.

Artigo 8º .— Dos métodos de inscrición e prazos

A efectos de proceder coas inscricións existirán dous tipos de fichas:

1. **Ficha individual:** Aplicable a todas as persoas por individual e adultos
2. **Ficha familiar:** Aplicable exclusivamente familias que contén cun ou máis menores de idade ao seu cargo. A través destas fichas poderanse escribir tanto os pais/nais/titores legais coma os menores ao seu cargo. Só a través das inscricións realizadas a través desta ficha se lle poderán aplicar as reducións establecidas no apartado **5.2**. Entenderase por unidade familiar todas aquelas persoas que



convivan na mesma vivenda. A estes efectos deberán presentar un volante de empadramento, libro de familia ou copia do DNI para certificar a unidade familiar se lles é requirido.

As dúas modalidades de fichas de inscrición reflectirán unha táboa coa listaxe de actividades e tarifa correspondente. Poderase dispor de fichas separadas por áreas de actividades segundo o recollido nos apartados **5.7.1** e **5.7.2** no caso de que o concello o considere necesario. Tamén se poderán crear fichas específicas para actividades puntuais ou non recurrentes que se apliquen segundo o apartado **4.4**.

A apertura dos prazos de inscrición estipularase no anuncio das actividades a través dos diferentes medios de comunicación dos que dispón o concello, nomeadamente a páxina web ou un bando oficial.

O peche dos prazos de inscrición poderá ser estipulado no anuncio das actividades ou proceder co mesmo nos casos onde conveña polo correcto desenvolvemento das actividades.

Nos primeiros 10 días naturais dende a apertura das inscricións terán prioridade as persoas empadroadas no concello de Outes por orde cronolóxica. Unha vez finalizado este prazo, as inscricións terán preferencia por orde cronolóxica de rexistro ate cubrir número máximo de prazos ou cumprir o prazo. As persoas poderanse inscribir a través do rexistro presencial ou dixital do concello. No caso de quedar algunha inscrición sen praza as seguintes inscricións engrosaran unha lista de agarda que poderán tomar posesión da praza en canto se libere algunha.

Artigo 9º .— Dos métodos de pago

Nas fichas de inscrición figurará un apartado onde os usuarios poidan escoller entre as seguintes modalidades de pago:

- 1.** Domiciliación bancaria
- 2.** Pago anticipado por ingreso bancario mediante volante normalizado ou mediante TPV

O pago anticipado por ingreso bancario deberá ser único e con período mínimo trimestral ou da duración completa da actividade. Para cursar unha inscrición válida, as persoas que fagan pago anticipado só gozarán da súa praza unha vez realizado o pago.

No caso de causar baixa unha persoa que fixera pago anticipado deberá presentar un rexistro solicitando a devolución do importe a deducir da actividade non sendo prorrateable por períodos inferiores ao mes como estipula o apartado **5.4**.

DISPOSICIÓNS

Disposición primeira.— Entrada en vigor

Este acordo entrará en vigor o **01/09/2024**.

Disposición segunda.— Derrogación da anterior ordenanza

A entrada en vigor da presente normativa, segundo a disposición primeira, deixará sen efectos a súa predecesora: “Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais e deportivas” publicada no BOP por vez primeira no Nº 36 de 2002 e



con última modificación no N°48 de 2017.

